

INSTITUCIONAL

O Consorcio de Santiago executará as obras do Centro Loxístico de Provisión e Distribución de Mercadorías do Casco Histórico, cun importe de 4,5 millóns de euros

O Consorcio de Santiago celebrou antes de rematar o ano a súa Comisión Executiva e o seu Consello de Administración.

Nesa reunión, aprobouse o presuposto para o vindeiro ano que ascende a 9.639.809,46€. As achegas das tres administracións consorciadas ascenden a 4.783.160€ por parte da Administración Xeral do Estado, 2.874.413 € da Xunta de Galicia e 1.406.513€ do Concello de Santiago.

Entre os puntos aprobados nela está o convenio polo que o Consorcio encargárase das obras do Centro Loxístico de Provisión e Distribución de Mercadorías para o Casco Histórico, que terá un importe de 4,5 millóns de euros.

Máis información:

<http://www.consorciodesantiago.org/gl/novas/o-consorcio-de-santiago-executara-obras-do-centro-loxistico-de-provision-e-distribucion-de>



Unha campaña de concienciación sobre o coidado do patrimonio e paseos patrimoniais conmemoraron o 30º aniversario do Consorcio



A institución interadministrativa centrada no coidado patrimonial e artístico da capital galega celebrou este 2022 o seu trixésimo aniversario tras a súa creación no ano 1992. Para conmemorar dita data, o Consorcio realizou unha campaña publicitaria en rúas e prensa na que incidía sobre o coidado do patrimonio indicando que todos, tanto cidadáns, como empresas e administracións somos responsables do coidado deste legado.

Ademais, durante a primeira quincena de xaneiro tiveron lugar en Santiago diversos paseos patrimoniais nos que se amosaba por un lado a Compostela Oculta e polo outro a Compostela Patrimonio Mundial, obtendo ambas as dúas un grande éxito de público.



Máis información:

<http://www.consorciodesantiago.org/gl/novas/o-consorcio-de-santiago-celebra-o-seu-trixesimo-aniversario-con-paseos-patrimoniais-e-unha>

MÚSICA

Paul Daniel despídese como director titular e artístico da Real Filharmonía de Galicia

O mestre Paul Daniel despediuse o pasado día 15 da Real Filharmonía como director titular e artístico, malia que regresará como convidado en diversas ocasións. Daniel despediuse cun concerto de Serenatas no que recibiu o agarimoso aplauso do público



Dous novos programas dentro da temporada 'Escoitar o Mundo'

Tras o tradicional Concerto de Reis co Crebanoces de Chaikovski, a Real Filharmonía de Galicia ofrece este mes de xaneiro dous novos programas dentro da súa programación de temporada.

No primeiro, o día 19 en Santiago e o 20 en Ferrol, Paul Daniel dirixe a orquestra con Peter Moore como trombón solista, con obras de Henri Duparc, Jessie Montgomery, Jonathan Dove e Antonín Dvorák.

O día 26 en Santiago e 27 en Vigo, Jonathan Cohen dirixe un programa barroco/clásico con composicións de Vivaldi, J. S. Bach, Händel, Locatelli, Geminiani e Haydn.

www.rfgalicia.org

**ESCOITAR
O MUNDO**
REAL
FILHARMÓNIA
DE GALICIA
TEMPORADA DE
ABONO 2022-23
AUDITORIO DE GALICIA



Toda a información sobre a programación da Real Filharmonía en <http://www.rfgalicia.org/gl/programacion/>